

Día das letras galegas

*Eladio
Rodríguez González*



•O Día das Letras Galegas adícase esta ano á figura e á obra do ourensán Eladio Rodríguez González (1864-1949), poeta, lexicógrafo, xornalista e home comprometido activamente con Galicia dende tódolos eidos culturais•



G.Varela, E. Rodríguez, B. Faginas, Barreiro, R. Pereira, García González, R. Faginas, González e Andrade, primeira xunta directiva da Asociación da Prensa

Don Eladio Rodríguez e ACoruña

Xulio Valcárcel

Aínda que nacido na aldea de San Clodio, no concello ourensán de Leiro, nunha das mellores zonas de produción do Ribeiro, o 24 de Xullo de 1864, Eladio Rodríguez González pode ser considerado por moitos motivos, un autor coruñés. En efecto, sendo neno de poucos anos a súa nai mándao a vivir cun irmán dela á nosa cidade, o tío Matías, que rexentaba unha industria na Rúa Santa Lucía. Bota varios anos e asiste ao escola no Campo da Estrada. Regresaría de novo a Leiro pero en 1867 témolos en Betanzos recollendo o premio de honor do certame literario convocado naquela cidade, pola súa obra "Os orfos da emigración". Nese mesmo certame obtería outros dous premios. Na opinión dos seus biógrafos, "a súa vila natal non pode satisfacer os seus anhelos culturais e decide marchar definitivamente á cidade da Coruña cando conta vinte e catro anos". Aquí na Coruña a súa labourea intensifícase sendo nomeado Director do xornal "La Mañana" (liberal-conservador), que sae en 1888.

A súa vila natal non pode satisfacer os seus anhelos culturais

Como queira que as colaboracións nos xornais e revistas, pese a ser numerosas e contínuas, non lle proporcionaban o suficiente para vivir, ingresa no Concello da Coruña como escribán temporeiro, ascendo posteriormente ao posto de Oficial Maior.

Casou D. Eladio coa coruñesa Josefa Yordi o 28 de Marzo de 1891. O casal tiivo sete fillos, entre eles, o escritor Julio Rodríguez Yordi. A familia residiu primeiramente na rúa do Orzán, nº 90 e posteriormente en San Andrés, antigo nº 170. Na colección dirixida por Martínez Salazar, "Biblioteca Gallega", publica Eladio Rodríguez "Folerpas", o seu pri-

As colaboracións nos xornais e revistas non lle daba para vivir

meiro libro de poemas, por volta de 1894. Son poemas de corte costumista centrados na temática campesiña e ribeirán. Ao mesmo tempo colabora na "Revista Gallega", publicada entre 1895 e 1907, na imprenta de Eugenio Carré Aldao, publicación na que se recollían moitos dos traballos dos membros da chamada "Cova céltiga", á que tamén asistía D. Eladio.

Por máis que Eladio Rodríguez manifestou desde mozo vocación poética, a gran labourea foi xornalística, os seus artigos aparecen debullados en dúcias de revis-

tas de Galicia ("Alfar", "Bendado", "Nós", "El País Gallego") e da emigración en Arxentina ("Acción Gallega",

Participa en calquera empresa que tratase de apoiar a cultura galega

Correo de Galicia", "Suevia"), na Habana ("El Eco de Galicia", "Follas Novas"). Consecuencia lóxica deste infatigable traballo xornalístico é que tome parte na creación da Asociación da Prensa, tamén na Coruña, en 1904, da que foi socio fundador e máis tarde Presidente. D.Eladio tiña tempo tamén para participar nos célebres "apropósitos" carnavalescos celebrados no Circo de Artesanos.

En colaboración con Alfredo de la Fuente escribiu "La última broma definitiva" e "El gachó del cisne", pezas que se publicaron conxuntamente. Como bibliotecario do Circo de Artesanos foi o encargado de elaborar un catálogo de máis de 3.300 obras científicas, literarias e musicais, publicado en 1901, cun suplemento, tamén feito por el, editado en 1907.

No ano 1905 créase a Academia Galega. D. Eladio participa como membro fundador, como fixo sempre que se trata de apoiar calquera empresa en pro da cultura galega e da identidade do País. Dese xeito, formou parte da Liga Galle-

ga, foi membro das Irmandades da Fala, director de Cántigas da Terra... No xornal "El Noroeste", do que foi redactor xefe, e director, botou a andar o suplemento "Nós, páxinas galegas", no que colaboraron os máis prestixiosos autores galegos da época. No ano 1920 é nomeado secretario da Academia Galega. O grande poeta Ramón Cabanillas entra nese ano e D. Eladio foi o encargado de responderlle. O seu discurso (reeditado recentemente) leva por título "A Saudade nos poetas galegos".

Dous anos despois ve a luz o seu libro "Raza e Terra" na colección "Céltiga", sendo elixido presidente da Academia Galega en 1926. Chega ao ano seguinte á Real Academia Española en representación de Galicia.

Tras renunciar ao seu posto como presidente da Real Academia Galega, por motivos de saúde, en 1934, e xubilado do seu posto de funcionario do concello desde 1937, Eladio Rodríguez González doente dunha arteriosclerose, morre na nosa cidade o 14 de Abril de 1949, sendo soterrado en San Amaro.

A súa monumental obra –o seu dicionario– e o seu esforzo pola cultura galega, ben merecen o recoñecemento dos seus veciños.

O Dicionario ben merece o recoñecemento dos seus veciños